



CÉSAR LUMBRERAS, XORNALISTA ESPECIALIZADO EN AGRICULTURA



“Nas reivindicacións deberíase ter feito máis fincapé nos custos de produción”

Durante o transcurso da FIMA, celebrada en Zaragoza do 25 ao 29 de febreiro, tivemos a oportunidade de falar co director e locutor do programa radiofónico da Cadena Cope *Agropopular*, o xornalista César Lumbreras (Ávila, 1955), sobre a situación que atravesamos o campo español e o que podemos esperar da nova Política Agraria en Común (PAC).

En que escenario xeral se enmarca o sector agrario?

Actualmente estase negociando o marco orzamentario da Unión Europea para o período 2021-2027 e aí vaise establecer a cantidade de diñeiro que haberá para financiar a PAC e, por tanto, a cantidade de diñeiro que poderá chegar ao peto dos agricultores e gandeiros en concepto de axudas ao longo dese período de tempo. Agora mesmo hai moito en xogo e hai que mirar a Bruxelas, que é onde se negocia o orzamento.

As perspectivas non son moi favorables en canto ao mantemento dos fondos da PAC. Que posición mantén a delegación española nesta negociación?

Todo apunta a que haberá un recorte do diñeiro destinado a financiar a PAC e iso deberíase traducir nun recorte das axudas. Que di España? Pois que non admite recortes nin na política de cohesión e estrutural nin na Política Agraria Común, pero, posto que os Estados membros non queren poñer máis diñeiro para as

arcas comunitarias, cando chegue o momento final da negociación estas terán menos do que hai actualmente, co cal haberá que recortar.

Onde hai máis posibilidades de recortar?

Pois naqueles capítulos orzamentarios que levan a maior parte do diñeiro, como son a PAC e a política de cohesión e estrutural. Chegado o momento, aínda que España di que non admite recortes nin nunha nin na outra, ao señor Sánchez porano ante un dilema: ou recortamos o diñeiro da PAC, ou recortamos o diñeiro da política estrutural e de cohesión, ou recortamos das dúas. Que decidirá? Pois a data de hoxe [26 febreiro] non o sabemos, pero que terá que decidir sobre esas bases, non lle caiba a menor dúbida.

Que outras cuestións que lle afecten á PAC están a debaterse agora en Bruxelas?

Está a debaterse o Pacto Verde, que é a espiña dorsal da actuación política da nova Comisión Europea. Todas as políticas da UE van estar hipotecadas por ese pacto, pola necesidade de ser máis respectuosos co medio ambiente.

► "O SECTOR TEN QUE VENDERSE EN POSITIVO, REIVINDICAR O QUE FAI A FAVOR DA SOCIEDADE"

Está tamén a iniciativa "Da granxa á mesa", da que coñeceremos os detalles máis concretos antes de que remate o mes de marzo, pero aí inclúense unha serie de medidas, aproximadamente corenta, na mesma liña do Pacto Verde Europeo, isto é, métodos de produción máis respectuosos co medio ambiente. Por pór uns exemplos, no que respecta á agricultura probablemente se vincule a concesión de axudas a que se reduza o consumo de produtos fitosanitarios ou de fertilizantes en cada explotación, mentres que en gandería se vai vincular a concesión de axudas á redución do uso de antibióticos. E logo está a reforma da PAC, a cal vai vir hipotecada por todo o anterior, é dicir, que queda na parte de abaixo da escala, xa que o verde está por riba da agricultura e a gandería, queirámolo ou non, pero é así.

Neste sentido, un tema que lles preocupa especialmente aos gandeiros é a entrada en vigor do decreto estatal que pon fin ao uso dos sistemas de prato ou abano e de canón para a aplicación de xurros. Non obstante, algunhas comunidades xa anunciaron unha nova prórroga da excepcionalidade do seu territorio para evitar o seu cumprimento. Ata cando cre que se poderá estender esta situación?

Iso ten data de caducidade. Por moito que o intenten, poderán pór agora unha prórroga, pero a medida final terá que aplicarse máis pronto que tarde, co cal haberá que facerse a esa idea.

Está o sector preparado para asumir este cambio no modo de traballo?

Home, é algo co que levamos xa anos e, gústenos ou non, debería estalo. Outra cousa é que se vaian aprobando ou aplicando prórrogas, pero non é unha medida que se aprobou onte. Repito, pódese estar de acordo ou non estalo, ese é outro tema, pero como o vai haber que aplicar, non queda máis remedio que pórse a iso. ►►



Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



NOVEDAD
CAZO UNIFEED

SIEPLO®
FEEDING SYSTEMS OF THE FUTURE



Westermann
Reinigungstechnik



Tel. (+34) 985 634 238

Comercial: info@fondrigomaquinaria.com

Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com

www.fondrigomaquinaria.com

► "PÓDESE MELLORAR A SITUACIÓN DE AGRICULTORES E GANDEIROS NA PARTE FINAL DA CADEA CON MELLORES PREZOS, PERO TAMÉN NA PARTE DO PRINCIPIO, TENDO MENOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN"

Falemos das mobilizacións agrarias das últimas semanas. Cal é a verdadeira orixe do problema?

Máis que un problema é un cúmulo de problemas, ou sexa, a esta situación non se chega porque de súpeto hai unha dificultade concreta. Son moitos factores os que incidiron, desde os acordos que a Unión Europea está a asinar con países terceiros, que provocan unha entrada de mercadoría producida en distintas condicións que aquí, co cal hai un certo feito de competencia desleal, pasando pola diminución da renda agraria –o ano pasado en España o recorte foi de máis do 8 %–, pasando polas crises que houbo no sector lácteo hai uns anos como consecuencia dos baixos prezos e pasando polo incremento dos custos de produción, pola necesidade de respectar máis esixencias de carácter ambiental e verde, tanto en agricultura como en gandería. Ao final isto vai aprisionando o sector e nun momento termina por estalar, que é o que sucede agora.

Están ben orientadas as manifestacións?

Eu creo que as reivindicacións se enfocaron moito sobre ese lema dos prezos xustos, co que eu podo estar de acordo, pero, que é un prezo xusto? O prezo xusto para o agricultor e para o gandeiro é un e para o consumidor pode ser outro. Con todo, penso que se fixo pouco fincapé en algo que debería pórse máis no primeiro plano das reivindicacións, que son os custos de produción, e aí o Goberno ten moito que dicir e que facer, e podería adoptar medidas máis concretas se se puxese máis o foco sobre os custos de produción. Pódese

mellorar a situación de agricultores e gandeiros na parte final da cadea con mellores prezos, pero tamén na parte do principio, tendo menos custos de produción ou facendo unha suma dos dous.

Parécelle suficiente o paquete de medidas aprobado polo Goberno para facer fronte á crise do campo?

Non é que non o vexa suficiente, é que me parece unha tomadura de pelo, dito clara e sinxelamente. Hai algunha cousa positiva, pero desde logo non é suficiente para responder á magnitude destas mobilizacións.

Diciá vostede durante a súa conferencia sobre a PAC 2020 que ofreceu na FIMA que o sector agrario ten agora a oportunidade para venderse mellor, aproveitando o primeiro plano da actualidade nos medios de comunicación e na opinión pública. Tan mal se está a vender?

A imaxe que a sociedade ten dos agricultores e dos gandeiros é a dun sector que está a chorar permanentemente. Se chove, porque chove demasiado e fan falta axudas; se non chove, porque hai seca e tamén fan falta axudas, por expresalo dunha forma un pouco gráfica e simple. Eu creo que o sector ten que venderse en positivo.

E como faría vostede ese cambio de imaxe?

Reivindicando o que o sector fai a favor da sociedade, isto é, producir alimentos en cantidade suficiente, a prezos accesibles para os consumidores, de calidade contrastada e de sanidade garantida, porque temos os estándares sanitarios máis altos do mundo.

Despois, un sector que, grazas á súa permanencia no medio rural, evita que o despoboamento vaia a máis, que é algo que agora mesmo lle preocupa á sociedade. En terceiro lugar, é un sector que vive do medio ambiente e é o máis interesado en ser respectuoso con el. En cuarto lugar, algo que a min me parece fundamental, o sector agrario é o único que ten un dobre papel na loita contra o cambio climático; por unha banda, contamina, como todos os sectores, pero, pola outra, é o único que coa súa actividade contribúe ao efecto sumidoiro de gases de efecto invernadoiro. Como esta é outra das principais preocupacións da sociedade, eu digo, oían, fáganlle saber que vostedes fan isto. Coa suma destes catro puntos, aos que se poden engadir os que cada un queira, facer un paquete e dicirlle á sociedade: isto é o que nós facemos por vostedes, pero estamos nunha situación complicada, que non é por culpa nosa, senón que é, en moitos casos, por factores que nos veñen externos; téñennos que botar unha man.

Antes de dar por rematada a entrevista, gustaríanos exporlle unha última cuestión. Cal é o segredo para manterse como medio de referencia no sector durante máis de tres décadas? Podería darnos algún consello?

Consello ningún, non me considero capacitado para dalos. Que é o que fixemos nós? Ofrecer información de interese para o agricultor e o gandeiro e facelo da forma máis amena e divertida posible, pero sempre dándolle prioridade á información de utilidade. Eses foron, eu creo, os motivos da permanencia do programa durante tantos anos. ■